

A LEDICIA DE LER

“A contaminación nuclear en Galicia”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 26 de outubro de 1975



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

A contaminación nuclear en Galicia

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 26 DE OUTUBRO DE 1975

En novembro de 1974, a agrupación cultural “Sementeira” organizou unha mesa redonda sobre os problemas que podería presentar a proxectada Central Nuclear de Regodela, en Xove, na provincia de Lugo. Diante dun público integrado por máis de mil cincocentas persoas, na súa maioría labregos e mariñeiros, disertaron López Suevos (profesor da Facultade de Económicas da Universidade de Santiago), Bermejo Martínez (catedrático da Facultade de Ciencias, sección Química Analítica) e Costa Morata (enxeñeiro da Comisión de Centrales Nucleares da Asociación Española para la Ordenación del Medio Ambiente). O ano anterior, a prensa dera noticia de que no norte de Lugo se ía construír unha central nuclear de uranio enriquecido, con catro grupos de xeradores cunha potencia de novecentos megavattios e reactores de auga lixeira. A súa construción daría traballo a unhas dúas mil persoas.

As palabras que se pronunciaron naquela mesa redonda aparecen agora recollidas nun pequeno volume que publica Edicións do Ruedo¹. Todas as tres intervencións teñen interese, cada unha desde os diversos puntos de vista da especialidade dos conferenciantes: económico, químico ecolóxico e xurídico. De todos os xeitos, ao público lector halle petar fondo, sen dúbida, o que naquela ocasión dixera o profesor Bermejo utilizando como contraste unhas palabras aparecidas nun diario galego (“Las posibilidades de accidentes graves en una central nuclear han sido objeto de detallados estudios que han llegado a la conclusión de que, para un reactor aislado, deberán transcurrir por término medio doscientos siglos para

que se produza un accidente grave y que sus consecuencias serían en todo caso moderadas y limitadas a unos cuantos casos de enfermedades del tiroides”) o catedrático compostelán falou dos perigos da radiación na era moderna. Polo que se desprende da súa exposición temos o seguinte: a radiación acumúlase, non desaparece, pero ademais dáse o caso de que o home resiste peor as substancias radioactivas que outros seres vivos e vén ser o seu vertedoiro, dado que calquera substancia de longa vida que se introduce na biosfera tarde ou cedo acaba por encamiñarse aos organismos humanos. Por outra parte, o problema do control dos materiais residuais segue sen resolverse –como o da contaminación térmica- , pois aínda que os primeiros poidan ser almacenados en certas condicións de seguridade, o seu transporte resulta potencialmente perigoso.

A exposición do Dr. Bermejo coloca polo menos entre interrogantes o problema da pretendida seguridade das centrais e condena por lixeiras as palabras do artigo por el citado no comezo da súa disertación. A isto hai que engadir canto dixo Pedro Costa Morata: o accidente por ruptura do circuíto de refrixeración do núcleo reactor é posible. Nun estudo da Comisión de Enerxía Atómica, feito nos Estados Unidos en 1957, chegábase á conclusión de que un accidente deste tipo produciría 3.400 mortos, 43.000 feridos e 7 billóns de estragos diferentes. Naturalmente, estas cifras deben ser actualizadas tendo en conta o tamaño dos reactores actuais, maiores que os de entón.

Ademais dos textos dos relatorios recensionados, o libro contén cincuenta e oito páxinas de anexos nos que se inclúen as preguntas e respostas do debate que seguiu á mesa redonda, unha serie de datos referidos aos municipios afectados e á súa economía, un mapa da comarca, noticias sobre FENOSA, empresa promotora, un informe encol dos mecanismos legais que se deben seguir para a instalación dunha central nuclear, unha lista de accidentes e incidentes técnicos ocorridos polo mundo

adiante ata agora, unha escolma de opinións sobre o problema das centrais, extraída de periódicos e revistas, unha noticia sobre a oposición dos concellos de distintas zonas á instalación de centrais na súa demarcación e, finalmente, un traballo sobre a lexislación e xurisprudencia referidas ao caso, que asina Nemesio Barxa Álvarez.

Como se ve, toda unha marea de información que permitirá aos profanos formarse un xuízo fundamentado sobre tan ensarillado tema.

Para rematar, unhas notas sobre a lingua empregada. Nesta ocasión coído que non hai razóns para que un libro saia escrito nun galego tan arbitrario e inzado de erros. Unha cousa son as incoherencias de tipo fonético e morfolóxico en que caemos case que todos os que escribimos en galego, e outra moi distinta son os disparates gratuítos, algúns realmente inxustificables, que abondan tanto neste libro polo demais interesante. Non hai motivos que xustifiquen estes atentados tan perigosos para o futuro da lingua que defendemos.

* * *

ⁱ *A contaminación na Galicia*. Táboa redonda sobre a Central Nuclear de Xove, Edicións do Ruego, A Coruña, 1975.